# BOLETÍN INFORMATIVO PARA AS FAMILIAS

## CEIP PLURILINGÜE QUINTELA

## CURSO 22-23



# 1. NORMAS XERAIS DO CENTRO

- O alumnado asistirá puntualmente ao colexio; de non ser así, xustificará a súa tardanza, e as faltas terán que xustificarse por escrito ao titor/a.
- O alumnado non poderá saír do recinto escolar en horas lectivas se non é acompañado dun familiar ou persoa responsable do mesmo e cubrirase un impreso xustificando a hora de recollida do alumno/a e sempre co coñecemento previo do titor/a.
- A inicios de curso, as familias entregarán aos/ás titores/as, debidamente cumprimentadas, as autorizacións de recollida do alumnado na parada do autobús e/ou no centro escolar.
- O alumnado traerá o material necesario a diario e asistirá ao centro nas debidas condicións hixiénicas.
- É obrigatoria a asistencia á clase de Educación Física provistos de chándal e calzado deportivo.
- **Respectar as zonas de aparcamento habilitadas para autobuses e profesorado**.
- É conveniente falar co titor/a para un adecuado seguimento do proceso educativo dos vosos fillos/as. O horario establecido para as **titorías** é os martes, de 18:00 a 19:00 horas, aínda que poden levarse a cabo noutro momento, por acordo mutuo entre o profesorado titor e os pais/nais.
- Os boletíns de avaliación que envíe o centro ás familias deberán devolverse ao titor/a no prazo dunha semana, debidamente asinados polo pai/nai.
- Está **prohibido o uso de teléfonos móbiles** e de calquera outro dispositivo de captación de imaxes, tanto no recinto escolar coma nas saídas organizadas polo centro.
- O alumnado beneficiario do **fondo solidario de libros de texto** ten a obriga de devolvelos en bo estado de conservación, para que poidan ser reutilizados. A falta de devolución levará consigo o inicio dun expediente de reintegro da axuda, así como a exclusión de vindeiras convocatorias de axudas ou fondos solidarios de libros.
- O alumnado adscrito ao programa Edixgal ten a obriga de coidar o material informático do que é beneficiario.
- Por último, pedimos aos pais/nais colaboración responsable cos distintos estamentos que compoñen o centro: profesorado, Consello Escolar, persoal non docente e ANPA..

- **Transporte escolar:** Os cambios e modificacións que se queiran realizar con respecto ao establecido na matrícula, deberán ser solicitados a algún membro do equipo directivo e confirmado por estes. Mestres non se acepte o cambio non se asumirá como tal.  No momento que o alumnado deixe de empregar este servizo en máis de tres ocasións sen motivo ou causa xustificada causará baixa automática no transporte. **No transporte escolar segue a ser obrigatorio o uso da máscara**.

- **Web do colexio.** Para estar ao día das novidades publicadas polo centro, dos proxectos levados a cabo, así como das diferentes actividades educativas e lúdicas que se desenvolven co alumnado, é importante que consultedes con asiduidade a páxina web do centro **www.edu.xunta.es/centros/ceipquintela,** así como o blog de Biblioteca.

- **Alumnado non transportado: No presente curso farase entrega do alumnado non transportado pola porta principal de acceso ao centro (a partir das 14:25 en Infantil e das 14:30 en Primaria).**

## 2. CALENDARIO ESCOLAR CURSO 22-23




**8 setembro: inicio da actividade lectiva.**

**16 setembro: fin do período de adaptación.**

**21 xuño: fin da actividade lectiva.**

**Vacacións de Nadal**: dende o 23 de decembro de 2022 ata o 6 de xaneiro de 2023, ambos inclusive.

**Entroido**: os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2023.

**Semana Santa**: dende o día 3 ata o día 10 de de abril de 2023, ambos inclusive.

**FESTIVOS LOCAIS**: 17 de abril e 8 de xuño.

## 3. CADRO DE PROFESORADO PARA O CURSO 2022-23

| TITORES/AS | |
|---|---|
| **CURSO** | **NOME** |
| **4º INFANTIL (3 ANOS)** | **Estíbaliz Ibarretxe Martínez** |
| **5º INFANTIL (4 ANOS)** | **Lourdes Correa Insua** |
| **6º INFANTIL (5 ANOS)** | **Aida Fernández Villar** |
| **1º PRIMARIA** | **Mónica Ulloa Torea** |
| **2º PRIMARIA** | **Javier Gómez Esqueira** |
| **3º PRIMARIA** | **Noelia Ramos Pérez** |
| **4º PRIMARIA** | **Rosa Lorenzo Rodríguez** |
| **5º PRIMARIA** | **Francisco J. Suárez Iglesias** |
| **6º PRIMARIA** | **María J. Tejeda Pérez** |
| **OUTROS ESPECIALISTAS** | |
| **Ed. Musical** | **Beatriz Freire Cabaleiro** |
| **Lingua Estranxeira** | **Blasinda Rita Míguez Barcia** |
| **Ed. Física** | **Luis Vilela Acuña** |
| **Relixión** | **Mª Jesús Orge Rodríguez** |
| **Pedagoxía Terapéutica** | **José Luis Cid Cid** |
| **Audición e Linguaxe** | **Carla Alonso Álvarez** |
| **Orientadora** | **Beatriz Iria Pérez Ortega** |
| **PT Atención Preferente** | **Mª Carmen Pampín Moares** |

## 4. ATENCIÓN POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO

| CARGO DIRECTIVO | HORARIO |
|---|---|
| **Director**: José Luis Cid Cid. | Concertar cita previa. |
| **Xefa de estudos**: María J. Tejeda Pérez | Concertar cita previa. |
| **Secretaria**: Beatriz Freire Cabaleiro. | Concertar cita previa. |

## 5. ANPA

**Presidenta:** María Salgado Araujo.

**Teléfono:** 635 847 240

**Correo electrónico:** anpaquintela@gmail.com